

CONVOCATORIA MOVILIDADES ERASMUS+ PARA PRÁCTICAS – ESTUDANTES CFGM E FP BÁSICA 2025 – 2026

Proxecto: 2025-1-ES01-KA121-VET-000314047

1.- Obxectivos do programa de mobilidade Erasmus+

- ✓ Aumentar as oportunidades de formación no estranxeiro dos alumnos de Formación Profesional tanto de grado medio, grado superior e FP Básica.
- ✓ Proporcionarlles as habilidades necesarias para transición no ámbito da educación e a formación pro mercado laboral, completando así a formación do alumnado, observando os métodos de traballo na empresa de acollida para aprendizaxe de calidade e duradeiro, favorecendo a mellora continua en todos os procesos.
- ✓ Favorecer a inserción socio-laboral do alumnado que cursa FP no noso Centro.
- ✓ Fomento do uso de linguas estranxeiras como vehículo de colaboración e participación no exercicio das súas funcións durante a súa estadía europea.
- ✓ Establecemento de redes de cooperación internacional entre o noso Centro e as empresas dos distintos sectores onde van realizar as prácticas os nosos alumnos.


2.- Requisitos para participar

- ✓ Ter nacionalidade Española ou no seu caso, estar en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- ✓ Estar matriculado nun ciclo formativo de Grao Medio ou na FP Básica, ou ben estar en posesión do título correspondente, sempre que non transcorreran máis de doce meses desde a súa obtención no IES Politécnico de Vigo no momento da solicitude.
- ✓ Recibir informe favorable do equipo docente.
- ✓ Ter superado o primeiro curso do ciclo formativo correspondente, sen módulos pendentes.
- ✓ Non ter perda da avaliación continua en ningunha materia nin ter superado o límite de faltas de asistencia superior ao 10 % das horas lectivas da mesma.

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



- ✓ Presentar a solicitude de participación e a documentación anexa dentro do prazo e na forma establecidos.
- ✓ Cumprir os requisitos establecidos polas institucións de destino. Para a concesión da axuda será requisito imprescindible contar co compromiso de aceptación da empresa na que se vaian realizar as prácticas durante o período ordinario de FCT.
- ✓ Queda excluído da participación o alumnado que acumule máis dunha amonestación leve ou que teña recibida unha amonestación grave ou moi grave, conforme ao establecido no Regulamento de Réxime Interno do centro.

3.- Alumnado ó que vai dirixido e duración

Poderá participar o alumnado de formación profesional do IES Politécnico de Vigo que estea matriculado en segundo curso de ciclos formativos de grao superior ou en na FP Básica, así como o alumnado titulado neses estudos nos doce meses anteriores á data da solicitude.

4.- Número de becas


O IES Politécnico de Vigo porá a disposición do seu alumnado citado anteriormente todas as becas adxudicadas ao proxecto 2025-1-ES01-KA121-VET-000314047 da convocatoria de 2025.

5.- Dotación económica

A dotación económica varía en función do país de acollida e do tipo de proxecto, podendo consultarse na páxina web Erasmus+ así como na seguintes táboas.

Nas mobilidades físicas de longa duración, o importe base das axudas dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os tres grupos que se describen a continuación:





PAÍSES DEL PROGRAMA PARA KA121 Y KA122 Terceros países no asociados al Programa exclusivamente para proyectos KA121 ¹	Estudiantes	
	Apoyo individual por día (€)	
	Día 1 – 14 (1)	Día 15 – 365 (2)
Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos y Suecia Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 1	70 €	49 €
Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta y Portugal. Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 2	61 €	43 €
Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia y Turquía Exclusivamente para KA121: Terceros países no asociados al Programa del Grupo 3	51 €	36 €

(1) Importes acordados entre el mínimo y máximo para estudiantes entre el primer y 14º día. Se corresponde con el 55% del máximo indicado en la Guía del Programa.

(2) Entre el 15º día de actividad y hasta 12 meses: el 70 % del importe por día por participante especificado en la primera columna (1).

¹ Grupo de países 1: Japón, Israel, Corea del Sur, Georgia, Argentina, Armenia, Angola, Arabia Saudí, Kuwait, Estados Unidos, Reino Unido, Suiza, Bahréin, Azerbaiyán, Sudán, San Cristóbal y Nieves, San Vicente y las Granadinas, Emiratos Árabes Unidos, Hong Kong, Líbano, Vietnam, México, Taiwán, Moldavia, Malasia, Tanzania, Canadá, Singapur, Australia, Tailandia, Islas Feroe.

Grupo de países 2: India, Kazajistán, Brasil, República Democrática del Congo, Chile, Nigeria, Uganda, Liberia, Yibuti, República Popular Democrática de Corea, Uzbekistán, Turkmenistán, República Dominicana, Jamaica, Bielorrusia, Libia, Siria, Cuba, Yemen, Kenia, Ruanda, Seychelles, Antigua y Barbuda, Brunéi, Montenegro, Malawi, Barbados, Santa Lucía, Granada, Dominica, Uruguay, Albania, China, Filipinas, Perú, Venezuela, Panamá, Ghana, Chad, Guyana, Egipto, Marruecos, Kiribati, Omán, Bosnia y Herzegovina, Irán, Mozambique, Senegal, Mauricio, Qatar, Andorra, Jordania, Indonesia, Laos, Sudáfrica, Etiopía, Bangladés, Ecuador, Paraguay, Costa Rica, Costa de Marfil, Sierra Leona, Gabón, Haití, Bahamas, Papúa Nueva Guinea, Micronesia, Ucrania, Kirguistán, Rusia, Mónaco, San Marino, Palestina, Estado de la Ciudad del Vaticano.

Grupo de países 3: Nepal, Maldivas, Tayikistán, Nicaragua, Zambia, Guinea, Congo, Botsuana, Belice, Samoa, Islas Marshall, Palaos, Tuvalu, Nauru, Islas Cook, Niue, Nueva Zelanda, Pakistán, Bután, El Salvador, Surinam, Guatemala, Honduras, Somalia, Trinidad y Tobago, Argelia, Colombia, Gambia, Fiji, Islas Salomón, Vanuatu, Camboya, Zimbabue, Burundi, Mongolia, Camerún, Timor Oriental, Sri Lanka, Madagascar, Mali, Togo, Santo Tomé y Príncipe, Tonga, Bolivia, Benín, Lesoto, Macao, Túnez, Irak, Burkina Faso, Guinea Ecuatorial, República Centroafricana, Guinea-Bisáu, Namibia, Comoras, Eritrea, Myanmar/Birmania, Afganistán, Níger, Mauritania, Cabo Verde, Kosovo, Esuatini, Sudán del Sur.


A estas contías engadiranse outras axudas complementarias se o estudante é de menos oportunidades. Os requisitos para ser considerado alumnado con menos oportunidades están especificados na páxina web de Erasmus do centro.

A estas contías cómpre engadir a axuda de viaxe, que se determinará en función da calculadora de distancias Erasmus e da táboa de importes establecida na Guía Erasmus+, dispoñible na páxina web do centro.

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



6.- Obrigas

- O alumnado que resulte seleccionado comprométese a completar a estadía no estranxeiro na súa totalidade. No caso de non finalizala (a excepción de causas de forza maior e debidamente xustificadas) deberá devolver a axuda recibida.
- O alumnado seleccionado deberá participar activamente en todo o proceso necesario para a realización da estadía: tanto no caso da FCT como no das prácticas de recen titulado.
- O alumnado que participe nas mobilidades comprométese:
 - ✓ Realizar a proba lingüística de nivel no idioma do país de acollida antes e despois da mobilidade, dentro do prazo establecido. O enlace e a información adicional serán facilitados polo coordinador Erasmus+.
 - ✓ Cubrir un informe final de valoración sobre o período de prácticas Erasmus+, que deberá remitirse dentro do prazo indicado.
 - ✓ Cumprimentar o cuestionario final de avaliación (EUSurvey), que o participante recibirá por correo electrónico ao rematar a mobilidade, e que o reencamiñará directamente ao portal correspondente para a súa cobertura.
 - ✓ A realización destas tarefas constitúe un requisito imprescindible para percibir a totalidade da bolsa (o 20 % restante), así como para obter o Suplemento ao Título e o Documento de Mobilidade Europass.

7.- Solicitudes e prazo


O documento de solicitude poderase atopar na web do centro, na categoría Erasmus. Unha vez cuberto deixarase en secretaría á atención do departamento de Proxectos Internacionais, ou ben enviando un arquivo comprimido na dirección de correo electrónico seguinte (internacional.ies.politecnico.vigo@edu.xunta.gal) co resto da documentación co seguinte nome: Apellido1_Apellido2_NomeCiclo_Erasmus.

O prazo de presentación vai dende ó **10/11/2025 ao 21/11/2025** ambos inclusive

8.- Comité de selección

O Equipo directivo do centro, os titores e o coordinador do departamento de Proxectos internacionais.





9.- Criterios de Selección

Teranse en conta aqueles alumnos con necesidades especiais e menos oportunidades.

Puntuación:

REQUISITOS VALORABLES	PUNTUACIÓN	
	DETALLES	SUBTOTAL- Máximo
Nota media de primeiro curso	De 0 a 10	10
CURRÍCULUM VITAE EUROPEO EN INGLÉS	De 0 a 10	10
CARTA DE MOTIVACIÓN EN INGLÉS	De 0 a 10	10
CERTIFICADO IDIOMAS DO PAIS DA MOBILIDADE	A1 3 A2 5 B1 7 B2 10	10
Entrevista persoal	De 0 a 10	30
Alineación coa política dos obxectivos erasmus do centro: - Pertenencia a estudante de menos oportunidades - Colaboracións en programas alineados cos obxectivos do proxecto.	De 0 a 10	30
	TOTAL	

As seguintes accións están cofinanciadas polo programa Erasmus+ da Unión Europea.



Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea